

RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE ENCARGA Á SOCIEDADE XESTORA DO CENTRO DE INVESTIGACIÓN EN TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E AS COMUNICACIÓNS (CITIC) S.L., DOMICILIADA NA CORUÑA, A EXECUCION DA ACTUACION 1.3 DO CONVENIO DE COLABORACION FORMALIZADO ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACION, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA (UDC) PARA IMPLANTACIÓN DE ACCIÓNS DIRIXIDAS A RENOVACIÓN DE INMOBILIZADO MATERIAL, RENOVACIÓN TECNOLÓXICA, COFINANCIAMENTO DO EQUIPAMENTO CIENTIFICO-TECNOLÓXICO (FEDER) E IMPULSO DOS CENTROS DE INVESTIGACIÓN.

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. Segundo a sección segunda, artigo terceiro bis dos Estatutos das Sociedade Xestora do Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacóns S.L. (en adiante S.X.CITIC), establécese que a sociedade é medio propio da Universidade da Coruña (en adiante UDC), considerándose a relación da S.X.CITIC coa UDC, para todos os efectos, de carácter interno, dependente e subordinado, e articulándose a través de encargos de xestión, de conformidade co previsto na Lei de Contratos do sector público (LCSP).

SEGUNDO. A S.X. CITIC conta cunha axeitada estrutura organizativa, capacidade de escalado do seu servizo e un coñecemento especializado requirido para dar resposta ás demandas xeradas pola sociedade e para potenciar as relacións da UDC con empresas e entidades sociais.

TERCEIRO. A S.X.CITIC é unha entidade recoñecida no ámbito empresarial, dispón dun coñecemento aplicado ben como dos recursos técnicos necesarios para cumprir coa xestión que requiren os servizos da UDC.

CUARTO. Dentro dos fins e finalidades da Universidade da Coruña está a transferencia de resultados de investigación a través de contratos de investigación ou Cátedras Universidade-Empresa.

QUINTO. O 24/04/2019, a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional formalizou coa UDC o convenio para a implantación de accións dirixidas a renovación de inmovilizado material, renovación tecnolóxica, cofinanciamento do equipamento científico-tecnolóxico (FEDER) e impulso dos Centros de Investigación, e o 09/12/2019 se formalizou unha adenda ao devandito convenio. Este encargo de xestión se refire á actuación 1.3, "Posicionamento e internacionalización das estruturas de investigación".

SEXTO. Polo dito anteriormente, a UDC pode encargar á S.X.CITIC a xestión económica de proxectos de investigación, cursos, cátedras institucionais ou outras actividades, requiríndose o establecemento dun axeitado marco da actuación conforme ao seguinte,

ENCARGO DE XESTIÓN

PRIMEIRO. O presente encargo de xestión baséase no artigo 32 da LCSP tendo polo tanto un carácter obrigatorio para a S.X.CITIC, quen deberá aceptala e executala conforme ás instrucións dadas desde a UDC en canto á interpretación dos traballos encomendados e ao seu seguimento.

SEGUNDO. O obxecto do encargo é a xestión económica-administrativa da actuación "1.3 Posicionamento e internacionalización das principais unidades de investigación" da Addenda de data 9 de Decembro de 2019 ao Convenio de Colaboracion entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a Universidade da Coruña (UDC) para o desenvolvemento de accións estratéxicas de I+D+i 2019-2020.

Código Seguro De Verificación	SLOMcNUzV5uXzWYibXl1TA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor	Asinado	14/03/2020 12:14:35
Observacións		Páxina	1/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/SLOMcNUzV5uXzWYibXl1TA==		



TERCEIRO. As actuacións serán coordinadas polo director do CITIC. O encargo poderá comprender a realización dos seguintes servizos:

1.3 “Posicionamento e internacionalización das principais unidades de investigación”

1.3.1. Accións de posicionamento e internacionalización.

1.3.1.1. Programa de mellora da visibilidade internacional a través da presenza en asociacións, plataformas, fundacións e eventos sectoriais que potencien a imaxe de marca.

1.3.1.2. Identificación e explotación da actual rede de relacións internacionais (atraer puntos de contacto europeos en áreas de interese para o CITIC).

1.3.1.3. Organización de eventos que sirvan para atraer e reter talento científico e posta en valor das capacidades de I+D+i.

1.3.2. Accións de colaboración interdisciplinar en I+D+i.

1.3.3. Accións encamiñadas á posta en marcha e adecuación dun Demostrador Tecnolóxico.

CUARTO. Para o financiamento das tarefas indicadas na cláusula terceira, a UDC transferirá un importe de 55.000€. Esta contía suporá un adianto sobre o financiamento que se recibirá unha vez se xustifique o convenio de I+D+i. No caso de que unha vez revisada pola Consellería a xustificación das actuacións detalladas no apartado 1.3 resulte necesario proceder a reintegrar alguna contía, este importe será asumido pola S.X.CITIC, xunto cos xuros que, de ser o caso, se determinen.

S.X.CITIC poderá repercutir contra o orzamento de cada actividade as tarifas polos servizos de xestión económico-administrativa ou de secretaría técnica. As actuacións obxecto deste encargo formalizaranse de acordo co establecido na LCSP e na normativa en materia económica.

QUINTO. Para a xustificación dos servizos encomendados, a S.X.CITIC informará á UDC do desenvolvemento das accións recollidas no apartado 1.3.

A S.X. CITIC deberá presentar á UDC relación ordenada e copia cotexada dos gastos nos que incorreu, presentando facturas ou documentos contables de valor probatorio equivalente. A xustificación documental das actuacións adecuaranse ao requirido no Convenio de I+D+i, sendo necesario vencellar as actuacións realizadas a este convenio.

No suposto de non se xustificar o importe total adiantado pola UDC á S.X.CITIC, reintegrará á Universidade o saldo pendente de xustificar.

En todos os documentos que se xeren e nos actos públicos que se celebren farase constar explicitamente este encargo de xestión e o financiamento recibido con cargo ao Convenio.

SEXTO. Nas súas actuacións xerais, organizativas e de apoio que permitan o desenvolvemento do presente encargo, a S.X.CITIC empregará o galego, podendo utilizar para conformidade lingüística o Servizo de Normalización Lingüística da UDC.

SÉTIMO. En ningún caso a realización do encargo suporá a existencia dunha relación funcional ou laboral do persoal da S.X.CITIC coa UDC.

OITAVO. É responsabilidade da S.X.CITIC fornecer cantos medios humanos e materiais fosen precisos para a realización dos traballos, incluída a infraestrutura asignada pola UDC á S.X.CITIC.

Código Seguro De Verificación	S10McNUzV5uXzWYibXl1TA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor	Asinado	14/03/2020 12:14:35
Observacións		Páxina	2/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/S10McNUzV5uXzWYibXl1TA==		



NOVENO. A UDC poderá realizar os labores de inspección, comprobación ou seguimento que considerase oportuno sobre a realización dos traballos da encomenda.

DÉCIMO. O presente encargo deberá cumprir cos prazos establecidos no Convenio de Colaboración formalizado entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a UDC.

- Segundo o Convenio, para o pagamento a Universidade deberá achegar antes do 15 de decembro toda a documentación xustificativa da execucion das actuacións do devandito convenio.
- Para que a Universidade poida cumprir co Convenio, a S.X. CITIC deberá entregar á UDC toda a documentación que se lle solicite antes do 30 de novembro.

Así, o presente encargo de xestión entrará en vigor o día da súa sinatura sen prexuízo de que poidan atenderse accións realizadas desde o 9 de Marzo e estará vixente ata o 15 de decembro de 2019.


UNDÉCIMO. Corresponde á UDC a través da Secretaría Xeral a interpretación do presente encargo así como resolver as posibles discrepancias que puidesen xurdir na súa execución.

Por todo o indicado, a Reitoría da UDC

RESOLVE

ÚNICO. Encargar á S.X.CITIC as actuacións referidas no apartado SEGUNDO e TERCEIRO nas condicións que se indican neste encargo de xestión.

Asinado dixitalmente.

Código Seguro De Verificación	S1OMcNUzV5uXzWYibX11TA==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor	Asinado	14/03/2020 12:14:35	
Observacións		Páxina	3/3	
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/S1OMcNUzV5uXzWYibX11TA==			